

# NOME CIENTÍFICO

*Foeniculum vulgare*

## Descrición:

Trátase dunha planta herbácea que pode acadar os dous metros de altura. Presenta unha cor verde intensa. As súas follas son longas e delgadas, rematando nuns segmentos en forma de agulla que se endurecen no verán para evitar a perda de auga.




66

O **froito** é un esquizocarpio de 2 mericarpios claramente separados, de cor pardo escuro ata negruzco, de uns 5 mm de longo, pentagonais e con 5 costelas máis claras ben marcadas.

**Familia:** Apiaceae

**Orixe:** Mediterránea

**Nome común:** Fiúncho, herba de anís



67



69



68

**Folla** de contorno triangular, con lóbulos filiformes de extremo cartilaxinoso. Son coma fíos e utilízanse nos maíos.

**As súas flores** se agrupan en inflorescencias de 10 a 50 flores que se dispoñen sobre un pedúnculo curto.

# *Foeniculum vulgare*

## **Hábitat**

Pódese atopar, de forma silvestre, en bordes de camiños, barbechos, campos de cultivo e matogueiras.

## **Usos ou propiedades**

O seu uso é fundamentalmente culinario, empregándose como condimento debido ao seu arrecendo similar á menta. Tradicionalmente empregouse como diurético.

## **Categoría IUCN**

Non avaliada (NE)

## **Curiosidades**

En Italia, na actualidade, emprégase o termo *finocchio* (fiúncho) para referirse de forma despectiva a un home homosexual. A orixe desta expresión está na Idade Media cando a inquisición queimaba na fogueira aos homosexuais e os cubría previamente con fiúncho para que o suplicio durase máis tempo.

Tradicionalmente en Galicia emprégouse como protector contra o mal de ollo.

É unha das sete herbas máxicas de San Xoán.